

# GARGALLADAS



**PARA OS LISTOS:** Adiviña, adiviña, ¿cantos niveis de altura ten o interior do edificio do centro? (a solución no seguinte número).

**EDITA:** Equipo de Normalización Lingüística  
**COLABORAN:** Groria Hevia, David Fernández, Clara Prego, Isabel Mesías, Verónica Fernández, Lucía Abad, Estefanía Martínez, Elena Brozos, María Barreiro, María Otero, Noemí Lorenzo, Carmen M. Ríos, Beatriz Martínez, Lidia Pena, Nazario Uedó, Concha Hernández, Anxos García, Covadonga Rodríguez-Moldes, José Tomás Díaz e Pilar García.



# Cartafol da LINGUA

LES MUGARDES

BOLETÍN DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA Nº 1

**PRIMEIRA VIÑETA:** Un grupo de rapaces e profesores xúntanse para facer un boletín sobre o uso da lingua. Buscan información. Traballan por separado. Redúcese.

**SEGUNDA VIÑETA:** Ese boletín sae á luz e chámase CARTAFOL DA LINGUA. Difúndese.

**TERCEIRA VIÑETA:** Aparece o segundo exemplar, número 1 (o anterior era o nº 0). Este ten catro páxinas máis, e, lóxicamente, máis seccións: "Ecopáxina" (adicada ó medio ambiente) e "Nas Verzas" (pasatempos)...



**TRANQUILOS!!** Non é que toleamos, nin que esteamos a falar en clave. O asunto é que estamos practicando a linguaxe do CÓMIC, porque, como xa saberedes algúns de vós, imos ter unha serie de actividades relacionadas co tema.

¿Por que o CÓMIC? Ben, pois resulta que hai xa dous séculos algún empezou a facer ilustracións con caricaturas políticas con fins satíricos e burlescos. Hai un século todas esas técnicas tomaron forma, maduraron un pouco, e sentaron as bases do cómic actual. E máis tarde, nos Estados Unidos, xurdiu, precisamente, a expresión *comic strip* (tira cómica) nos xornais e revistas. Despois foi collendo certa independencia e apareceu en volumes propios, en libros exclusivamente adicados a el. ¡Todo un luxo! E dende ese momento, pasando por tódolos Yellow Kids, Príncipes Valentes, Popeyes, Supermanes, Snoopies, Tazanas, Carditos, Tintines, Astérix, Mortadelos, Maquinavajas, Gaspariños, etc., etc., etc., pasando por todos eles e máis, chegamos ó punto no que o CÓMIC segue sendo, para moita xente, unha "conachada". E pareceunos xusto adicarlle un pouco do noso tempo (e espacio) a un xénero que é, sencillamente, descoñecido. E como para criticar algo non hai nada mellor que coñecelo, pensamos que podíamos informarnos sobre el.

A hote pronto aprendímos que o cómic mantén unha íntima relación co cine, co tema dos planos, dos encadres, das secuencias, dos personaxes. Tamén soubemos que unha das súas principais fontes é a literaria, posto que sempre ten que haber unha historia que contar. E, por se fose pouco, está directamente ligado ás artes pictóricas, en case tódalas súas vertentes.

Ademais, o Cómic non é, como case todos pensan, cousa de nenos. Non. Hai Cómic para nenos, por suposto, Cómic para mozos, e Cómic para adultos. Hai Cómic cómico (valla a rebuznancia) e Cómic serio; hai Cómic curto e Cómic longuíssimo; hai Cómic realista e hai Cómic fantástico, onírico. Hai...

Aínda así, gustaríanos saber máis do tema, e por iso decidimos organizar un CONCURSO DE CÓMIC no Centro, así coma unha conferencia (con tertulia incluída) dun dos grandes en Galicia e en España (e fóra dela): XAQUÍN MARÍN. A este profesional terémolo o martes 2 de marzo.

Resumindo: Pode que valla a pena abri-los ollos a un descoñecido, a un xénero que pide a berros que se lle escoite e que o leamos. Pode que todos levemos unha moi grata sorpresa (mellor que a de Ricky Martín).



¡HEI AMIGOS! ¿Sabedes que?  
 Son membro do grupo de normalización  
 lingüística, e traívos as bases do con-  
 curso de cómics. Aquí as tedes!



# CONCURSO DE CÓMICS

## I PARTICIPANTES

Tódolos alumnos do IES MUGARDOS (dende 1º de ESO ata COU). Establécense dúas categorías:

CATEGORÍA A: de 12 a 15 anos

CATEGORÍA B: de 16 en adiante

## II CONDICIÓNS XERAIS

1. A temática será libre, con textos en galego. A historia pode ser inédita ou baseada nunha obra literaria ou filmica.
2. A técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor.
3. O formato deberá ser DIN A-4 ou DIN A-3, e a súa extensión será de 1 páxina como mínimo.
4. Cada autor poderá presenta-las obras que desexe.
5. Cada obra deberá levar lema ou título.
6. Xunto coas obras deberá entregarse un sobre pechado co título/lema e categoría escrito no seu exterior, figurando no seu interior o nome e apelidos e curso do participante. Os traballos entregaranse na secretaria do Centro.
7. Os participantes deberán entrega-los seus traballos ata o luns 1 de marzo (incluído).

## IV PREMIOS

Establécense os seguintes premios:

### CATEGORÍA A:

1º premio - material relacionado co debuxo, cómic e ilustración valorado en 10.000 ptas.

2º premio - material relacionado co debuxo, cómic e ilustración valorado en 5.000 ptas.

### CATEGORÍA B:

1º premio - material relacionado co debuxo, cómic e ilustración valorado en 10.000 ptas.

2º premio - material relacionado co debuxo, cómic e ilustración valorado en 5.000 ptas.

O FALLO DO XURADO FARASE PÚBLICO O MARTES 2 DE MARZO, DESPOIS DA CHARLA DE XAQUÍN MARÍN.

# Más Verzas

	A	B	C	D	E	F	G	H	I	L
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										

## HORIZONTAIS

- 1.- de Castro, poetisa galega do Rexurdimento. Pronome persoal de 1ª persoa.
- 2.- Artigo. Atar, amarrar. Catro en romanos.
- 3.- Mil cen, tamén en romanos. Artigo plural masculino. Consoante. Anfíbio.
- 4.- Ó sen contraer. Residencia familiar.
- 5.- Cantar o paxaro. Contracción da preposición de e un artigo. Consoante.
- 6.- Pronome persoal de 3ª persoa. Gran que se usa para plantas.
- 7.- Nome de varón. Preposición.
- 8.- Consoante. Perfume, arreoendo. Animal plantigrado.
- 9.- Metal nobre. Artigo plural. O mesmo artigo.

## VERTICAIS

- A.- Capital de Italia. Río español.
- B.- Punto cardinal. Composición poética.
- C.- Sociedade Anónima. Monxa relixiosa.
- D.- Doce meses. Residencia para anciáns.
- E.- Segunda forma do artigo os. Teimudo.
- F.- Marchaba. Cen. Observo.
- G.- Construído. Punto cardinal.
- H.- Con saúde, sen enfermidades.
- I.- Terreo que está pegado ás casas galegas. Ríxido.
- L.- Froito da vida. Compañeiros de Papá Noel.


Por: María Otero e Elena Brozos.

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28

- |    |    |    |                             |                              |
|----|----|----|-----------------------------|------------------------------|
| 6  | 11 | 20 | Cando arrivie a casa        |                              |
| 21 | 1  | 19 | 4                           | Anano dos bosques            |
| 2  | 24 | 25 | 8                           | Neste lugar                  |
| 14 | 10 | 27 | 23                          | Unha caricia                 |
| 13 | 7  | 3  | Organismo Feminista Mundial |                              |
| 5  | 18 | 29 | 12                          | Con moitos cartos, feminino. |
| 30 | 17 | 26 | 9                           | Esquina cortante             |
| 16 | 15 |    |                             |                              |
- CLAVE: Enfiteiza a un home ou muller.  
 AXUDA EXTRA: Dobre vocal
- |    |    |
|----|----|
| 22 | 28 |
|----|----|



Por: Verónica Fernández & Isabel Mesías



# ATRABEBEDE OURO

CERTO, ben certo é que as historias de medo son moi comúns. Nelas cóntase algo sobre as pantasma ou sobre a morte. O que eu conto non é nin unha historia inventada, nin un conto de vellos, tampouco recollo un anaco dun libro.

Isto é un conto REAL, que ocorreu un día nun cemiterio, por iso non voltaremos a un, agás mortos.

Ramiro e máis eu somos homes ben valientes e cando nos tocan os narices damos a cara, aínda que eles sexan maioría, pero iso é desviarse do tema. Empezarei coma nos contos. Era un día neboento, coma case todos en Galicia, pero aínda non chovía. Ramiro e mais eu quedáramos en vernos no bar para tomar unha cervexa. Tódalas mañás facíamos o mesmo, era a rutina. Pero o destino, se é que existe, tíñanos preparado algo fóra do normal, fóra da rutina.

Todo o mundo sabe que sómo-los máis "machos" do pobo e métese conosco. Este día foi gorda, apostáronnos que non seríamos capaces de aguantar unha noite no cemiterio. Pareceunos unha tontería, pero por orgullo aceptamos. Chegamos á casa borrachos e moi contentos coma sempre. Fixemos seis bocadillos para a noite, collémo-los sacos de durmir e marchamos cara ó cemiterio, onde nos esperaban o resto dos rapaces.

Non sentiamos medo a pesar das historias que insistían en contarnos. Finalmente, ás once deixáronnos sós e puxémonos a comer o noso primeiro bocata de xamón. Pasóuno-lo tempo voando, cando deron as doce estabamos a escachar coa risa e a punto de comernos o segundo bocadillo. Hai que dicir que o cemiterio dá fame. Cando acabamos de comer, fomos dar unha volta e a Ramiro pareceulle ver a alguén, pero eu non creo nas PANTASMAS e supuxen que vira visións. Insistiu en ir ver quen estaba por alí, cando chegamos vimos correr unha sombra. Empezamos a cagarnos co medo, pero eu intentei domina-la situación dicindo:

-Serán os rapaces facendo calquera falcatruada para gaña-la aposta.

Un ruído fortiiiiiiiiiiiiisimo chamou a nosa atención e cando nos démo-la volta... Continuará no próximo número.

Por: Verónica Fernández Varela



-A Xosé Luís Méndez FERRÍN, figura ácida e incómoda para o poder onde as haxa, artista comprometido, cosmopolita e profundamente galego, "humilde" profesor de Instituto, recentemente proposto pola Asociación de Escritores Galegos como candidato ó Nobel.

- Á cadea de establecementos "San Luís" que é das poucas, ou a única empresa galega que fai a súa publicidade en lingua galega. ¡E VENDE!

- A Elipse, primeira revista de cómic escrita integramente en galego, trabe de ouro por aporta-lo seu gran gran de area neste ámbito.

- Os profesores do I.E.S. Mugardos que saben rachar coa inercia imperante e que esforzadamente usan o galego nas súas clases: Departamento de Historia (Pilar, Xoán, Xosé Luís), Concha, e Covadonga.

# ATRABEBEDE ALCATRÁN

- Ó goberno, por atentar unha e outra vez contra a toponimia galega, utilizando en documentos topónimos castelanizados como: Punteareas, Carballino, Noya ou El Ferrol del Caudillo.

- Á administración autonómica por se-lo axente editor principal de Galicia en castelán: en 1197 publicou 183 obras, delas só 95 estaban en galego.

- Case sen darse conta chegaron á trabe de ouro en canto a orixinalidade, interpretación, "aterezzo" e "chispa", mais lamentablemente, e estamos seguros que foi inocentemente, a maioría dos participantes nos rebuldeiros grupos de vilancicos de Nadal acabaron na Trabe de alcatrán por razóns obvias de idioma escollido para as letras. ¿Todos?. Non, os alumnos de 3°C, E.S.O. si caeron na conta.

ó pan, pan,  
e ó viño, viño

¡CLINTON! ¡AH! ¡Pero que risa me dá! Só de pensar que catro burros son os que apoian a ese tontarrán. Bueno, non sei, en fin, dáme a risa, e que me parto de tanto rir. Que se Clinton por aquí, que se Clinton por alá. ¿Pero é que non se dan conta de que o que Clinton quere é que non o boten da presidencia?. ¡Pois que o deixen dunha vez!; polo menos así deixa de matar a pobres inocentes (nenos, mulleres, anciáns...), persoas que non teñen culpa ningunha dos líos de faldas de Clinton. ¡Xa me dirás!: se á súa propia dona non lle importa que o seu home ande a poñerlle os cornos con unha ou con outra... Ós demais ¡que lles ha importar o que faga co seu membro viril! . ¡Vaia!

E que a min non me diga a Mónica Lewinsky que con iso queda a súa conciencia limpa...

¡Non me fastidiedes oh! . ¿Se o que quere son cartos?, ¡que llos dean! . Con tal de que deixen ós pobres iraquís tranquilos... Pero é que... ¿Xa ninguén se acorda de que hai xente morrendo de fame, porque un furacán e un terremoto lles levou o pouco que tiñan? Non, agora iso xa é historia, borrón e conta nova. Agora o tema principal é o membro de Clinton, se está máis á esquerda ou á dereita. ¿Pero a quen lle importa?. ¿Por que non lles mandan os cartos que empregan nas bombas a eses pobres que quedaron sen casa ou sen familia?. ¡Vamos!

Estados Unidos sabe de sobra o armamento que hai en Irak, ¿quen o vai saber mellor? se eles mesmos son quen o vende. É que me parece mentira que xente con tantos anos de estudio e tanta cultura como teñen, non saiban poñer remedio a esta situación, e eu, que son unha simple estudante, vivo nunha aldea e ata me queda algunha que outra asignatura, sen pensar moito, nin romper moito a cabeza, sei que facer ante algo tan evidente.

Definitivamente ¡É QUE ME ESMENDRELLO!

Por: Clara Prego Romero.



# PONTE Ó día



## O SEIXO

Actividades propostas pola  
SOCIEDADE AMIGOS DA PAISAXE  
GALEGA

- 20 de febreiro: baile de **Entroido**  
- 27 de febreiro: **Teatro** coa obra  
Mañanciñas de sol

- 7 de Marzo: Asamblea anual.

## SAN XOAN DE PIÑEIRO

Actividades programadas pola  
S.C.R.D.

- 13 de febreiro: baile de **Entroido**

## ARES

- 14 de febreiro: día das  
**comparsas.**


- 16 de febreiro: **martes de**  
**Entroido, II Certame de**  
**Lambetadas**

- 17 de febreiro: Mércores de Cinza.  
**Queima do Entroido**

- Proxecto para a realización da  
escola de "Actividades para a 3ª  
idade (datas por determinar)

- 8 de Marzo.: **semana da muller.**





**Ó PAN, PAN, E Ó VIÑO, VIÑO (Bis)**

Sen dúbida EEUU é a nación máis mencionada nos xornais ultimamente e nós, aínda que a orixinalidade é un valor que prima no noso boletín, debemos facernos eco desa realidade por trillada que sexa.

Como todos sabemos xa, Estados Unidos efectuou un bombardeo sobre Bagdag, presumiblemente como cortina de fume polo asunto da becaria. En Occidente esta crise dos mísiles tivo moitos tintes de hipocresía e fariseísmo, a situación (en síntese) foi a seguinte: un presidente que ten dous puntos de semellanza con Kennedy moi importantes, populista e mullereiro; un fiscal que invirte moito tempo e diñeiro en atrapalo; un llo de faldas moi escabroso; ademais dunha dictadura non afín a Clinton que posúe unha cantidade de armas químicas que é directamente proporcional ó interese que suscita entre o pobo o caso Lewinsky.

Pero ó outro lado dos monitores da CNN vense moi diferentes as cousas, porque non é o mesmo velas ca vivilas (e menos nunha guerra cun método de retransmisión tan peculiar como esta). Así temo-la cidade de Bagdag, cunha poboación que sobrevive como pode entre miseria e racionamentos, inmersa, xa de por si, nunha situación irracional e surrealista, que agarda que a morte leve ós seus habitantes, e estes saben (ó igual que os apestados de Orán de Gregorio Samsa) que o seu destino non depende deles, senón do ceo do que caen os fatídicos obuses.

Sen embargo o importante é, no fondo de todo, que temos a uns cantos millóns de persoas vivindo nunha posición superior ó resto do mundo, que están tan mergullados nos problemas da súa cotidianeidade que asisten con impasibilidade (como o americano de Greene) ó espectáculo de horror e de miseria dos seus conxéneres. Ademais hai unhas autoridades que fomentan e son culpables deste borreguismo, presentándono-los feitos vanalizados baixo unha capa de suposta tecnoloxía punta coa que conseguen envilecer un feito tan deplorable como o da guerra.

Estes datos e opinións poñen de manifesto un feito alarmante: Occidente vive un proceso de decadencia ideolóxica e moral, ante o cal non nos debemos render, debemos manifestar optimismo cara ó futuro fronte ó nihilismo e o pasotismo de moda.

Por: Noel Blanco

**ANALIZA A TÚA SOLIDARIEDADE COA NATUREZA**

Rodea cun círculo o número que se achegue máis ó que pensas ou fas.

	nunca	algunha vez	a miúdo	sempre
1.-Se tiras na aula ou corredores os papeis á papeleira e caen fóra, ¿déixalos así?	1	2	3	4
2.-¿Botas ó chan papeis, bolsas de pipas, envoltorios...?	4	3	2	1
3.-Cando vas de excursión ó campo ou praias, ¿léva-lo lixo para a casa se non hai contenedores?	4	3	2	1
4.-¿Moléstache ve-lo lixo nos xardíns, nas rúas na beira das estradas?	4	3	2	1
5.-Se atopas papeis tirados nos corredores ou na aula do teu centro, ¿recóllelos?	4	3	2	1
6.- Cando vas no coche, ¿tiras pola ventá papeis, botes...?	1	2	3	4
7.-Cando vas no coche ¿fixaste onde existen verquidos de lixo incontrolado?	4	3	2	1
8.-¿Pensaches nos problemas que orixina o lixo no teu pobo ou aldea?	4	3	2	1
9.-¿Estarias disposto a colaborar nunha campaña de limpeza dun lugar público?	4	3	2	1

TOTAL:

Máis de 25: PERDOA PERO ES UN PORQUIÑO

Entre 25 e 17: A TÚA SOLIDARIEDADE DEIXA MOITO QUE DESEXAR

Entre 16 e 12: ESTÁS NO BO CAMIÑO, A NATUREZA PERDOA DEBILIDADES

Menos de 11: NORABOA, ES SOLIDARIO COA NATUREZA.




# elipse

Din os entendidos que nunha páxina dun CÓMIC, ou TEBEO, ou -mellor- BANDA DESEÑADA, o máis importante non é o que se di e o que se ve, senón aquilo que o lector interpreta poque, sencillamente, falla. Pois ben, iso que non aparece na páxina, eses ocos de viñeta a viñeta, son tan relevantes na liña argumental coma as propias viñetas. Resumindo, esa ELIPSE intersegmental é o que lle dá sentido a unha secuencia de datos que nós unimos mentalmente para que a historia teña sentido. E ese é o nome, ELIPSE, da primeira revista de BANDA DESEÑADA (ou cómic, ou...) feita en Galicia por galegos e en galego.

É todo un éxito que publicacións así vexan a luz, por varios motivos: primeiro, porque a banda deseñada leva moito tempo sufrindo a consideración de "xénero menor"; segundo, porque por fin este medio se expresa en galego, e xa non temos que depender exclusivamente de traducións de producións estranxeiras (das que hai moitas, por certo). ELIPSE é editada pola XUNTA DE GALICIA, feito que merece o noso aplauso, e terá unha tirada semestral (os artistas necesitan o seu tempo). E, ademais de amosar bo cómic de autor -Miguelanxo Prado, Dudi, Francisco Bueno, Carlos Portela, Kiko da Silva- dános-la posibilidade de ler textos relacionados co mundo da banda deseñada -Suso de Toro- e mesmo fragmentos teóricos para os interesados en adicarse ó debuxo.

Poderíamos facer críticas, coma que o seu tamaño é excesivamente pequeno, ou que está impresa en branco e negro -sendo os orixinais en cor- pero ningún destes detalles poderá ensombrecer-lo enorme paso que se acaba de dar no mundo da banda deseñada en Galicia.

NON VOLA PERDADES. HAI UN EXEMPLAR NA BIBLIOTECA!!



## FISTERRA: ONDE TERMINA O MUNDO

Naquela escura sala de proxeccións non había ninguén. Seriamos en total dez persoas, nin máis nin menos: catro gatos. Parece mentira que nin unha custosa publicidade, nin a curiosidade de ver unha película galega esperten o interese dos espectadores. Pero como soe dicirse "este non é o lugar nin o momento axeitado" para falarmos deste tema.

¿Xa saberedes de que vai a movida ,non?. Claro, da mellor película galega en carteleira do momento (sen esquecernos de que é a única).

Todo empezou cando un galego, Xavier Villaverde, decidiu rodar unha película baseada nun guión de Miguel Anxo Murado. Contaba cuns 260 millóns de pesetas (algo máis de 1,5 millóns de euros) e tras catro anos de traballo, os resultados poden xulgarse dende hai uns días nos cines de Galicia e de toda España.

Despois dos "trailers"(agora substituídos por anuncios da tele) a película comeza cunhas vistas da Costa da Morte, en dúas palabras: "im-presionantes". Non só as de Galicia, senón tamén as de Lisboa e Madrid, onde tamén foi rodada a película.

Berto e Mario son dous irmáns que non teñen nada en común. Ó cabo dos anos encóntranse e conviven durante un tempo, comezan a coñecerse. Estes papeis están interpretados por: Nancho Novo, actor xa coñecido a nivel nacional e Enrique Alcides, un rapaz xove que dará, de seguro, moito que falar.

Á parte dos protagonistas, aparecen tamén actores recoñecidos internacionalmente como Geraldine Chaplin.

En resumo, pode dicirse que a nós nos gustou, ¿e a vós?

Por:  
María Barreiro Rodríguez-M. &  
Isabel Mesías González.



"A PORTA"  
(Fco. BUENO)

